

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

CURSO 2019/2020

CENTRO: IES SAN PAIO

CURSO: 4º ESO

MATERIA: FRANCÉS

DEPARTAMENTO: FRANCÉS (Dolores González Budiño e Cristina Lemos Davila)

DATA : 12 MAIO 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, competencias imprescindibles, procedementos e instrumentos de avaliación.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre.**
- 4. Información e publicidade.**

Segunda lingua estranxeira (francés) 4º ESO			
Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias Clave	Instrumentos de avaliación
Bloque 1. Comprensión de textos orais			
<p>B1.3. Comprende o esencial en situacións que impliquen a solicitude de información xeral (datos persoais básicos, lugares, horarios, datas, prezos, cantidades e actividades cotiás, etc.), sempre que se fale con lentitude e con claridade.</p> <p>B1.4. Comprende o esencial en conversas sinxelas, básicas e breves sobre descrições, narracións, puntos de vista e opinións relativos a temas frecuentes e de necesidade inmediata relativas ao ámbito persoal, sempre que se fale con lentitude.</p>	<p>SLEB1.2. Capta os puntos principais e os detalles salientables de indicacións, anuncios, mensaxes e comunicados breves.</p> <p>SLEB1.3. Comprende, nunha conversa formal ou nunha entrevista preguntas sobre asuntos persoais ou educativos (datos persoais, intereses, preferencias e gustos persoais e educativos, coñecemento ou descoñecemento, etc.).</p> <p>SLEB1.4. Entende información relevante en transaccións e xestións cotiás e estruturadas (por exemplo, en hoteis, tendas, albergues, restaurantes, espazos de lecer ou centros docentes)</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC CD</p> <p>CCL CAA CSC CCEC CD</p> <p>CCL CAA CSC CCEC</p>	<p>-Análise de producións do alumnado:</p> <p>-Exercicios de escoita e realización de probas de verdadeiro ou falso a partires de diferentes soportes audio e vídeo.</p> <p>-Exercicios de escoita e proba de completar ocos en textos</p> <p>-Exercicios de escoita e proba de contestar a preguntar concretas</p>
<p>B1.5. Comprende o sentido xeral e información moi relevante de presentacións sinxelas e ben estruturadas sobre temas familiares e predicibles, previamente traballados, e de programas de televisión tales como boletíns meteorolóxicos ou informativos, sempre que as imaxes porten gran parte da mensaxe.</p>	<p>SLEB1.5. Comprende, nunha conversa informal descrições, narracións, puntos de vista e opinións sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas do seu interese.</p> <p>SLEB1.6. Identifica a información esencial de programas de televisión e presentacións sinxelas sobre asuntos cotiás ou do seu interese familiares (por exemplo, noticias, documentais ou entrevistas).</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC</p> <p>CCL CAA CSC CCEC CD</p>	

Segunda lingua estranxeira (francés) 4º ESO			
Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias Clave	Instrumentos de avaliación
Bloque 2. Producción de textos orais			
B2.2. Produce textos orais monolóxicos ou dialóxicos breves e de estrutura simple e clara, dando información persoal (datos persoais, emocións e sentimentos, gustos e preferencias...), ou sobre temas básicos de tecnoloxía ,fenómenos naturais e enerxías renovables. B2.4. Produce textos breves e comprensibles, tanto en conversa cara a cara como por teléfono ou por outros medios técnicos, nun rexistro neutro ou informal, cunha linguaxe sinxela.	SLEB2.1. Fai presentacións breves sobre aspectos concretos de temas do seu interese ou relacionados cos seus estudos, e responde a preguntas relacionadas. SLEB2.2. Participa en conversas informais breves e sinxelas nas que establece contacto social básico, intercambia información e expresa de xeito sinxelo opinións e puntos de vista, fai invitacións e ofrecementos, pide e ofrece cousas, pide e dá indicacións ou instrucións.	CCL CAA CSC CCEC CCL CAA CSC CCEC CD	-Análise de producións do alumnado: -Presentacións orais seguidas da posibilidade dun pequeno intercambio de preguntas e respostas sobre o tema entre o ponente e os seus compañeiros ou a profesora.
B2.5. Da, solicita e intercambia información sobre temas de importancia na vida cotiá e asuntos coñecidos ou de interese persoal, educativo ou ocupacional, e xustifica brevemente os motivos de determinadas accións e plans.	SLEB2.3. Desenvólvese en xestións e transaccións cotiás, como son as viaxes, o aloxamento, o transporte, as compras e o lecer (horarios, datas, prezos, actividades, etc.), seguindo normas de cortesía básicas (saúdo e tratamento). SLEB2.4. Desenvólvese de xeito simple pero suficiente nunha conversa formal, nunha reunión ou nunha entrevista (por exemplo, para realizar un curso de verán).	CCL CAA CSC CCEC CD CCL CAA CSC CCEC CD	-Realización e dramatización de pequenos diálogos en parella ou en grupo
Segunda lingua estranxeira (francés) 4º ESO			
Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias Clave	Instrumentos de avaliación
Bloque 3. Comprensión de textos escritos			
B3.2. Segue instrucións e consignas básicas sinxelas e predicibles, referidas a necesidades inmediatas, e con apoio visual.	LEB3.1. Capta o sentido xeral de textos xornalísticos breves, e sobre temas xerais ou do seu interese, se os nomes, as ilustracións e os títulos constitúen grande parte da mensaxe.	CCL CAA CSC CCEC CD	-Análise de producións do alumnado:

<p>B3.3. Comprende información relevante e previsible en textos descritivos ou narrativos breves, sinxelos, relativos a experiencias e a coñecementos propios da súa idade e do seu nivel escolar(gustos, emocións, sentimentos,datos persoais,actividades,lugares, prezos, horarios, cantidades...)</p>	<p>LEB3.2. Identifica, con axuda da imaxe, instrucións xerais breves e sinxelas de funcionamento e manexo de aparellos de uso cotián.</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC CD</p>	<p>-Lectura de textos seleccionados sobre os temas tratados.</p> <p>-Ejercicios de comprensión.</p> <p>-Asociar imaxes e textos, imaxes e títulos.</p> <p>-Ejercicios de completar ocos en textos escritos.</p>
<p>B3.4. Identifica a información esencial en textos que traten de asuntos cotiáns, de temas de interese ou relevantes para os propios estudos e as ocupacións(novas tecnoloxías, enerxías renovables, fenómenos naturais ,animais e o seu habitat) e que conteñan estruturas sinxelas e un léxico de uso común</p>	<p>SLEB3.3. Comprende correspondencia persoal sinxela na que se fala de si mesmo/a; se describen persoas, obxectos, lugares e actividades; se narran acontecementos presentes, pasados e futuros, e se expresan de xeito sinxelo sentimentos, desexos e opinións sobre temas xerais, coñecidos ou do seu interese.</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC</p>	
	<p>SLEB3.4. Entende o esencial de correspondencia formal sobre asuntos do seu interese no contexto persoal ou educativo (por exemplo, sobre unha bolsa para realizar un curso de idiomas).</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC</p>	

Segunda lingua estranxeira (francés) 4º ESO			
Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias Clave	Instrumentos de avaliación
Bloque 4. Producción de textos escritos			
B4.2. Completa documentos básicos nos que se solicite información persoal ou relativa aos seus estudos ou á súa formación.	SLEB4.1. Escribe correspondencia persoal breve na que se establece e mantén o contacto social; se intercambia información; se describe en termos sinxelos sucesos importantes e experiencias persoais, se dan instrucións e se fan e aceptan ofrecementos e suxestións e se expresan opinións de xeito sinxelo.	CCL CAA CSC CCEC	-Análise de producións do alumnado: -Escribir un corto texto narrativo en presente, pasado e futuro, dos temas tratados.
B4.3. Escribe mensaxes sinxelas e breves con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiás ou do seu interese.	SLEB4.2. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal e relativa á súa formación, aos seus intereses ou ás súas afeccións.	CCL CAA CSC CCEC CD	-Escribir cartas a través de correo tradicional ou en soporte dixital. -Cumprimentar un cuestionario.
B4.4. Produce textos curtos a partir de modelos sinxelos e básicos, sobre acontecementos presentes, pasados e futuros.	SLEB4.3. Escribe notas e mensaxes nos que fai comentarios moi breves ou dá instrucións e indicacións relacionadas con actividades e situacións da vida cotiá e do seu interese.	CCL CAA CSC CCEC CD	-Exercicios de cumprimentar ocios en textos de temas tratados.
B4.5. Escribe textos breves, sinxelos e de estrutura clara sobre temas cotiás ou do propio interese.			
Segunda lingua estranxeira (francés) 4º ESO			
Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias Clave	Instrumentos de avaliación
Bloque 5. Coñecemento da lingua e consciencia intercultural e plurilingüe			
B5.1. Discrimina patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis común, recoñecendo os seus significados evidentes, e pronunciar de xeito claro e intelixible.	SLEB5.1. Produce léxico e estruturas básicas intelixibles no oral e na escrita, e utiliza patróns básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.	CCL CD CAA CCEC	-Análise de producións do alumnado:
B5.2. Utiliza as convencións ortográficas básicas,	SLEB5.2. Utiliza adecuadamente as convencións orais e		-Realizar exercicios de discriminación (nasais, sonoras,

<p>tipográficas e de puntuación, así como abreviaturas e símbolos de uso común, e os seus significados asociados, con corrección suficiente para o seu nivel escolar.</p> <p>B5.3. Comprende e produce textos orais e escritos cos coñecementos socioculturais e sociolingüísticos relativos á vida cotiá (hábitos de estudo e de traballo, actividades de lecer, incluídas manifestacións artísticas como a música ou o cine), condicións de vida e contorno, relacións interpersoais (entre homes e mulleres, no traballo, no centro docente, nas institucións, etc.), e convencións sociais (costumes e tradicións).</p> <p>B5.5. Funcións comunicativas: Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais básicas propias da súa idade. Descrición de calidades físicas e abstractas moi básicas de persoas, obxectos, lugares e actividades. Narración de acontecementos e descrición de estados e situacións presentes, e expresión moi básica de sucesos futuros. Petición e ofrecemento de información e indicacións, e expresión moi sinxela de opinións e advertencias. Expresión do coñecemento, o Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, a satisfacción e a sorpresa, así como os seus contrarios. Establecemento e mantemento básicos da comunicación e a organización elemental do discurso.</p> <p>B5.6. Léxico oral e escrito básico de uso común relativo a: Identificación persoal elemental; vivenda, fogar e contexto; actividades básicas da vida diaria; familia e amizades; traballo, tempo libre, lecer e deporte; vacacións; saúde máis básica e coidados físicos elementais; educación e estudo; compras básicas; alimentación e restauración; transporte, tempo meteorolóxico e tecnoloxías da información e da comunicación.</p>	<p>escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas básicas de tratamento, etc.).</p> <p>SLEB5.5. Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula (pedir ou dar información, agradecer, disculparse, solicitar algo, invitar, etc.) utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesarios, propios do seu nivel escolar e traballados previamente. (1-B5.7)</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC CD</p> <p>CCL CAA CSC CCEC</p>	<p>entoación, etc.).</p> <p>-Lecturas en voz alta.</p> <p>-Intervención en diálogos.</p> <p>-Produccións orais e escritas.(diálogos, entrevistas, jeux de rôle, cartas, redaccións, etc.).</p>
--	--	---	---

<p>Expresións fixas, enunciados fraseolóxicos moi básicos e moi habituais (saúdos, despedidas, preguntas por preferencias, expresión sinxelas de gustos) e léxico sobre temas relacionados con contidos moi sinxelos e predicibles doutras área do currículo.</p> <p>B5.7. Estructuras sintáctico-discursivas propias de cada idioma.</p> <p>Expresión de relacións lóxicas: conxunción (<i>non seulement...mais aussi</i>); disxunción (<i>ou bien</i>); oposición/concesión (<i>cependant</i>); causa (<i>car</i>); finalidade (<i>de façon à, de manière à + Inf.</i>); comparación (<i>le meilleur, le mieux, le pire, aussi + Adj. /Adv. que</i>; (ex: <i>Il n'est pas aussi intelligent que toi</i>); consecuencia (<i>alors, donc</i>); explicativas (<i>ainsi, car</i>).</p> <p>Relacións temporais (<i>puis, finalement, tout de suite, enfin, pendant, pendant que + Indic.</i>).</p> <p>Exclamación (<i>Comment, Quel/Quelle/Quels/Quelles, C'est parti!</i>).</p> <p>Negación (<i>ne...jamais, ne... rien, ne... personne, ne... plus</i>).</p> <p>Interrogación <i>Qui, quand, où, comment, quoi, Quel, quelle, quels, quelles,</i></p> <p>Expresión do tempo: presente (verbos irregulares), pasado (<i>passé composé, imparfait</i>), futuro</p> <p>Expresión da existencia (presentativos); a entidade (artigos, pronomes persoais, pronomes demostrativos; pronomes persoais OD e OI, proposicións adxectivais (<i>où, dont</i>); a cualidade, a posesión (adxectivos posesivos).</p> <p>Expresión da cantidade: (plurais irregulares; números cardinais; números ordinais; artigos partitivos).</p> <p>Adverbios de cantidade e medidas (<i>beaucoup de, quelques, quelques-uns, tout le monde, plein de, plusieurs(s)</i>); o grao.</p>			
--	--	--	--

2. Avaliación e cualificación.

2.1. A cualificación do traballo do alumnado anterior á suspensión das actividades lectivas será a media entre as notas da primeira e a segunda avaliación.

2.2. Para a cualificación final ordinaria do mes de xuño.

As actividades realizadas na terceira avaliación poderán mellorar a cualificación obtida como media dos dous primeiros trimestres, antes da suspensión das actividades lectivas presenciais, como máximo dous puntos.

➤ **Alumnado aprobado antes da interrupción da actividade lectiva presencial.**

- Cualificarase o seu traballo na 3ª avaliación (ata un máximo de 2 puntos) e sumarase á nota da media das dúas primeiras avaliacións, sendo o resultado máximo un 10.

➤ **Alumnado suspenso antes da interrupción da actividade lectiva presencial.**

- Cualificarase o seu traballo de recuperación . De resultar aprobado (deberá chegar á nota mínima, un 5) poderá optar a mellorar a nota media (ata un máximo de 1 punto) realizando as tarefas de repaso/reforzo da 3ª avaliación.

2.3. Para cualificar a terceira avaliación seguiranse os seguintes criterios:

➤ **Alumnado aprobado antes da interrupción da actividade lectiva presencial**

Procedementos e instrumentos de avaliación	Observacións	Ponderación
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Actividades/tarefas de comprensión/expresión oral e/ou escrita Análise de produción do alumnado: Realización e entrega de exercicios (gramaticais, comprensión,etc.), redaccións, resumos,audios, diálogos,textos, correos, presentacións, investigacións. 	- A nota deste apartado será a media das cualificacións obtidas nas distintas actividades/tarefas.	100%

➤ **Alumnado suspenso antes da interrupción da actividade lectiva presencial**

<ul style="list-style-type: none"> ▪ Actividades/ tarefas de comprensión/expresión escrita. Análise de produción do alumnado: Realización e entrega dos exercicios (gramaticais, comprensión) e das redaccións propostas para a recuperación. 	- A nota deste apartado será a media ponderada das cualificacións obtidas nas distintas actividades/tarefas.	40% Exercicios
		60% Redacción

2.4. Actividades/tarefas de repaso , reforzo, ampliación e de recuperación.

➤ Alumnado aprobado antes da interrupción da actividade lectiva presencial.

Non terán que facer as actividades de recuperación, pero si as de repaso, reforzo e ampliación para poder mellorar a súa cualificación final.

➤ Alumnado suspenso antes da interrupción da actividade lectiva presencial.

Terán que realizar as actividades de recuperación, nas que deberán obter unha cualificación de 5, para poder aprobar o curso. Para poder mellorar a súa cualificación final terán que realizar as actividades de reforzo, repaso da 3ª avaliación.

2.5. Alumnado coa materia de francés pendente de cursos anteriores.

Neste momento contamos con tan só unha alumna coa materia suspensa, xa que o alumnado que a tiña pendente superou de maneira positiva a proba realizada no mes de xaneiro.

As profesoras do departamento consideran, tendo en conta as circunstancias de estado de alarma no que nos atopamos, que a proba escrita que debería realizarse no mes de maio será, neste caso, substituída pola entrega do boletín (cos exercicios realizados) que lle fora entregado como material de repaso/reforzo. Con esta entrega do boletín, cos exercicios ben feitos, a materia considerarase aprobada. De non realizarse a devandita entrega do boletín, a materia considerarase suspensa e terá que presentarse ás probas de pendentes da avaliación extraordinaria do mes de setembro.

2.6. Para a cualificación final extraordinaria do mes de setembro.

Os alumnos que non superen a materia na avaliación ordinaria do mes de xuño realizarán unha proba escrita ou telemática , dependendo das circunstancias sanitarias, no mes de setembro, nas datas establecidas ao efecto pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e segundo o calendario e horario fixado polo Centro, que será cualificada de 1 a 10 para o nivel de ESO e Bacharelato.

A proba de setembro versará sobre os contidos mínimos mencionados no punto 1 desta addenda e que fan referencia ao visto na 1ª e 2ª avaliación. Considerarase superada a materia cando se obteña unha puntuación, igual ou superior a 5 puntos.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación).

A metodoloxía didáctica será o máis activa e participativa posible, de xeito tal que permita ao alumnado implicarse nas tarefas que deben realizar, utilizando procedementos variados que resulten dinámicos e áxiles. Terán en conta o que xa saben para servir de apoio e reforzar e ampliar.

Animará á reflexión, á dedución de conclusións a partir de observacións ou de exploracións. Utilizarán técnicas e soportes variados que permiten á vez o desenvolvemento da capacidade crítica e creativa, e o da motivación.

Favorecerá a autoavaliación como ferramenta para poñer de relevo a realidade e xulgalá obxectivamente.

Durante o terceiro trimestre, sen clases presenciais, desenvolveranse actividades de recuperación, repaso, reforzo e , no seu caso, ampliación das aprendizaxes anteriores que resulten necesarias para todo ou parte do alumnado. A ampliación das aprendizaxes tomará como referentes aqueles obxectivos e competencias clave máis necesarios para a adecuada progresión do alumnado e que para a súa asimilación requiran a mínima intervención docente. Farase especial fincapé nas competencias lingüísticas, dixital, aprender a aprender tentando tamén de desenrolar as competencias de conciencia e expresións culturais e a de conciencia e expresións sociais. Fundamentalmente serán actividades de comprensión/expresión escrita, comprensión /expresión oral, exercicios gramaticais, produción de textos escritos, etc., adaptadas a cada nivel.

O medio de comunicación e de relación co alumnado no proceso de acompañamento na aprendizaxe será a aula virtual do centro e/ou o blog *Pratiquons le français*. Na aula virtual e no blog estarán os recursos que precise o alumnado para facilitar a aprendizaxe por canles virtuais, así mesmo especificaranse que actividades son de reforzo, repaso e ampliación e cales de recuperación. O traballo será semanal e estará secuenciado en sesións, algunhas das actividades ou tarefas serán recollidas polas docentes a través da aula virtual e serán supervisadas e/ou corrixidas.

As docentes estarán en comunicación co alumnado na aula virtual (aula moodle virtual do centro) e/ou o blog *Pratiquons le français*, así coma a través da mensaxería, dos foros , e mesmo o teléfono, se fora necesario para solucionar as dúbidas do alumnado.

Os materiais e recursos que se utilicen serán:

- Aula virtual do centro (moodle)
- Blog *Pratiquons le français*
- Libro do alumno:
Facile 4.

- Material elaborado e proporcionado polas docentes (fotocopias, fichas).
- Recursos con actividades de recuperación, reforzo, repaso e ampliación.
- Vídeos e recursos TIC serán tamén empregados.

4. Información e publicidade

Esta modificación da programación didáctica do curso 2019-20 será publicada na páxina web do centro (Departamento de francés). O alumnado será informado, tamén, a través das aulas virtuais e o blog de onde poden atopar a información.